



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Télef.: 981 544 400  
Fax: 981 545 443  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

g<sub>alicia</sub>

**INSTRUCCIÓN CONXUNTA 9/2017 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DA  
DIRECCIÓN DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS, POLA QUE SE  
ESTABLECEN RECOMENDACIÓNIS SOBRE A SAÍDA DOS ALUMNOS  
ESCOLARIZADOS NOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DA  
COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA AO REMATE DO HORARIO LECTIVO E  
SOBRE A RECOLLIDA DELES NAS PARADAS ESTABLECIDAS NO  
TRANSPORTE ESCOLAR**

O ordenamento xurídico actual establece o deber dos establecementos docentes de vixiar e coidar dos seus alumnos mentres permanezan dentro do ámbito de actuación da actividade docente, é dicir, mentres exerzan a garda e custodia que os pais ou titores legais lles cederon temporalmente. Neste sentido, non hai que esquecer que esta garda e custodia non pode ser concorrente, é dicir, que, no tempo e no espazo no que os alumnos están ao coidado do centro docente, a responsabilidade é exclusivamente súa e dos axentes pertencentes ou relacionados co mesmo.

Estamos ante una situación na que o elemento decisivo é a relación que o servizo prestado teña co feito educativo, co servizo público educativo, incluídas as actividades prestacionais e, en particular, as chamadas actividades extraescolares e complementarias, respecto das cales todo o relativo á responsabilidade docente, ten plena operatividade e extensión, claro está sempre que sexan autorizadas e aprobadas polo órgano colexiado competente, o Consello Escolar e incluídas no Plan do Centro ou Proxecto educativo.

Porén, no caso das actividades extraescolares e complementarias, cando sexan organizadas polas ANPAS ou por entidades públicas non autonómicas por se mesmas ou mediante a súa contratación a empresas privadas, as mesmas deberán concertar os correspondentes seguros de responsabilidade civil e,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Télef.: 981 544 400  
Fax: 981 545 443  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

sempre que inclúan a vixilancia e o coidado dos alumnos, serán responsables nos termos acordados. Soamente, se estes non inclúen a vixilancia e o coidado dos alumnos nos denominados tempos intermedios, o centro docente pode chegar a ser o responsable único e último de non procurar os medios axeitados que eviten unha vixilancia e un coidado defectuosos dos rapaces, que ocasione un dano material ou persoal imputable ao colexio.

A xurisprudencia actual senta doutrina ao estender a responsabilidade do centro docente ao “momento de entrada y ao de saída do alumno”, ampliando a responsabilidade ao período intermedio no que esperan, por exemplo, para entrar ao comedor o ao suposto de que os pais non recollan aos seus fillos á saída, non sendo eximiente de dita responsabilidade nestes casos que o servizo prestado se preste a través de terceiros contratados, pois é a Administración Pública, por medio do centro, quen ofrece estos servizos e, por tanto, quen é responsable ao exercer a substitución do coidado paterno, dito isto sen prexuízo da responsabilidade derivada da normativa contractual pública.

Non obstante, o propio Tribunal Supremo ten declarado que a responsabilidade derivada da obriga de custodia do centro docente debe ser interpretada de maneira flexible en relación cos períodos previos e posteriores ao horario lectivo, co que a análise a efectuar terá que atender ás circunstancia concretas de cada caso. Como conclusión, pode afirmarse que no momento actual, tanto os proxenitores, titores e accoledores familiares, obrigados polo ordenamento xurídico a un comportamento acorde coa diligencia dun bo pai de familia, como os centros de ensino que prestan un servizo educativo, suxeitos tamén a un especial coidado e diligencia respecto dos alumnos, teñen a súa parte alícuota de responsabilidade.

Esta corresponsabilidade, especialmente respecto dos alumnos mais pequenos de educación infantil e primaria, así como dos alumnos de educación especial,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Télef.: 981 544 400  
Fax: 981 545 443  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

g<sub>alicia</sub>

exércese, para os pais, nais, titores legais e accoledores familiares, coa obriga que teñen de organizar o réxime de chegada e recollida dos seus fillos ao centro escolar ou ás paradas de transporte escolar nos horarios de entrada e saída fixados para o efecto; e, para os centros docentes, coas previsións que o Regulamento de cada centro conteña sobre pautas de actuación en relación coas manifestacións de vontade paternas e os casos de tardanza ou ausencia na recollida dos alumnos, sen perder xamais de vista o principio de razoabilidade aplicado ao caso en concreto.

Sobre esta base, non cabe, pois, alegar o horario laboral para deixar de atender fundamentalmente aos alumnos menores de 10 anos ou discapacitados que permanezan no colexio, unha vez rematado o horario lectivo, xa que, ao non seren recollidos polas persoas responsables deles, non se pode considerar finalizada a custodia dos nenos. Para previr estes supostos, estableceranse entre o persoal directivo do centro de ensino as quendas ou rotacións que resulten necesarias. Agora ben, en liña coa corresponsabilidade da que falábamos, existe para os adultos responsables dos pequenos a obriga de avisar no centro de calquera demora na recollida dos escolares que poida producirse e ademais e, se a demora é considerable, pode ser unha opción dar aviso ás instancias policiais para que se fagan cargo da situación e dispoñan sobre a custodia provisional dos menores. Igualmente, se a tardanza prodúcese reiteradamente polos ditos pais, nais, titores legais ou accoledores familiares, poderase denunciar aos mesmos ante os Servizos Sociais por presunto incumprimento dos deberes de custodia. Pero, en todo caso, non debe deixarse a un escolar que normalmente é recollido só.

Cuestión paradigmática neste aspecto é a relacionada co transporte escolar, en especial a responsabilidade exible aos centros docentes nos períodos temporais que median entre a chegada dos alumnos ao centro escolar e o comezo da actividade escolar e, posteriormente, no período que transcorre



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Télef.: 981 544 400  
Fax: 981 545 443  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

entre a salida dos alumnos do colexio, una vez rematado o horario lectivo e a súa incorporación aos medios de transporte escolar e posterior baixada nas paradas integrantes dos itinerarios de transporte escolar.

Sabemos que, cando se dan estas circunstancias de espera, a Dirección do centro é a instancia encargada de adoptar cantas medidas sexan necesarias para a axeitada atención do alumnado en espera, correspondéndolle tamén facelo ao Consello Escolar, en canto que encargado de aprobar os criterios pedagóxicos determinantes da fixación dos horarios xerais dos colexios.

Estamos, pois, no transporte escolar ante unha extensión do ámbito de actuación propio do centro docente, o que determina, á súa vez, a extensión da súa responsabilidade. Sen prexuízo, como se deixou dito anteriormente, da responsabilidade existente tamén, no caso de servizos de transporte contratados polas ANPAS e outras entidades públicas non autonómicas para as actividades extraescolares, madrugadores, comedor escolar, para as ditas entidades xestionadoras e para os terceiros por elas contratados para a súa prestación, os cales asumen a responsabilidade derivada do deber de coidado dos rapaces, entendendo por tal responsabilidade a inherente ao obxecto da súa organización ou do propio contrato, cando así se estableza.

Dito isto, a presente Instrucción establece unhas recomendacións de actuación, que, distingindo segundo os niveis educativos, o nivel de intensidade de protección requirida en cada caso e adaptándoas ás condicións específicas de cada centro de ensino, sexan incorporadas, coa flexibilidade derivada das circunstancias de radicación, usos sociais, situacións familiares do alumnado etc existentes, ao Regulamento de centro escolar, de xeito que no acervo do colexio se concreten as pautas sobre saídas dos escolares ao remate do horario lectivo e sobre recollida deles nas paradas de transporte escolar. Así, estas regras de actuación, unha vez comunicadas á cada comunitade educativa e aos axentes implicados nos servizos educativos desenvolvidos en



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Télef.: 981 544 400  
Fax: 981 545 443  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

cada centro público de ensino galego, permitirán efectuar dun xeito mais seguro e certo para os escolares e para o estamento educativo a obligada transición entre a garda e custodia propia exercida polos pais, nais, titores legais e acolledores familiares dos escolares e a derivada levada acabo polos colexios.

Para os efectos previstos nesta Instrucción son persoas responsables dos alumnos escolarizados nos centros educativos os seus pais, nais, titores legais, acolledores familiares e, no caso de separación e divorcio, as persoas que teñan ao seu favor a garda e custodia dos menores.

As recomendacións recollidas na presente Instrucción recollen as opinións e suxestións intercambiadas na xuntanza da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino Público, celebrada o 8 de marzo de 2017.

## **1º.-RECOMENDACIÓN S APLICABLES AO ALUMNADO DE ENSINANZA INFANTIL, DE EDUCACIÓN ESPECIAL E DOS CATRO PRIMEIROS ANOS DE ENSINANZA PRIMARIA**

### **1º.1.-Recollida ao rematar as clases lectivas, actividades extraescolares e excursións ou visitas culturais.**

Os alumnos serán recollidos nas instalacións do centro educativo polas persoas identificadas nesta Instrucción como os seus responsables no horario fixado no Regulamento do colexio ou nas comunicacións correspondentes a eventos concretos.

Estes poderán autorizar formal e expresamente a outro adulto ou a un irmán ou irmá que curse 5º e 6º de educación primaria, educación secundaria, formación profesional ou bacharelato, a recoller aos pequenos, cubrindo unha ficha cos datos persoais da persoa autorizada e entregándoa no centro de ensino.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Télef.: 981 544 400  
Fax: 981 545 443  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

No suposto de pais e nais separados ou divorciados, seguirase as determinacións previstas na sentencia xudicial, convenio regulador ou acordo provisional, que terán que presentar no colexio. Neste sentido, a persoa encargada de recoller ao alumno será a que teña ao seu favor a garda e custodia do mesmo ou o adulto ou o irmán ou irmá que curse os niveis educativos descritos anteriormente , aos que ela autorice expresamente, agás nos días de visita asignados ao outro proxenitor, nos cales poderá este recoller ao seu fillo ou a súa filla.

Os rapaces permanecerán custodiados no centro o tempo que en cada caso se considere prudencial a partir do horario de recollida fixado. A estos efectos, os responsables dos nenos ou os adultos ou irmáns autorizados expresamente para recollelos terán a obriga de reportar ao centro escolar calquera demora que poidan sufrir. Transcorrido o tempo de demora comunicado sen que aparezcan, efectuaranse dende o colexio chamadas aos responsables dos pequenos, que, de resultaren infrutuosas, poderán determinar a condución dos escolares ás dependencias da Policía Local ou cuartel da Garda Civil que corresponda. A reiteración en mais de 4 ocasións desta última circunstancia poderá dar lugar á comunicación dos feitos ao Servizo Provincial de Menores que corresponda, para os efectos da apertura dunha investigación sobre abandono de menores.

En todo caso, os escolares non poderán ausentarse do centro de ensino antes da hora prevista para as distintas saídas, agás que as persoas identificadas nesta Instrucción como os seus responsables así o comuniquen de xeito motivado no centro, procedendo a recoller ao alumno por eles mesmos ou polo adulto ou irmán ou irmá que cursen os niveis educativos xa sinalados, autorizados expresamente para o efecto.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Télef.: 981 544 400  
Fax: 981 545 443  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

g<sup>a</sup>licia

Unha excepción a estas normas xerais a constitúe a participación dos escolares nos programas e actividades de “camiño escolar seguro” ou “colecamiños”, promovidas pola Administración Xeneral do Estado ou as Administracións Locais Galegas. Así, os alumnos participantes, sempre que previamente fora entregada no centro escolar unha autorización expresa das persoas identificadas nesta Instrucción como os seus responsables, poderán saír sós dos colexios nas condicións establecidas polos distintos programas. Estas autorizacións eximirán expresamente á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares.

#### **1º.2.- Recollida nas paradas de transporte escolar.**

Os alumnos transportados deberán ser recollidos nas paradas polas persoas identificadas nesta Instrucción como os seus responsables ou con réxime de visitas en días lectivos, os cales comunicarán aos centros educativos os seus teléfonos de contacto, que serán achegados aos acompañantes escolares ou, no caso de non habelos, aos interlocutores habituais das empresas de transporte en ditos centros.

No caso de que os responsables mencionados autorizasen a outros adultos ou a irmáns ou irmás dos escolares dos niveis educativos mencionados para substituírlles na recollida dos escolares, terán que entregar nos centros educativos correspondentes as autorizacións expresas para o efecto, nas que constarán os nomes, apelidos e, no seu caso, DNIs dos autorizados. Os centros de ensino farán chegar ditas autorizacións aos acompañantes escolares ou aos interlocutores habituais das empresas.

A fin de non entorpecer e alongar os itinerarios, os autobuses esperarán nas paradas o tempo necesario para asegurar a recollida\_dos escolares, que, en todo caso, non excederá de 5 minutos, tras do cal continuarán co seu itinerario habitual, levando consigo aos escolares non recollidos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Télef.: 981 544 400  
Fax: 981 545 443  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

Nos supostos de escolares non recollidos nas paradas correspondentes polos seus responsables ou polos adultos ou menores autorizados, os acompañantes escolares ou encargados das empresas chamarán aos teléfonos facilitados polas familias dos nenos para que acudan ás seguintes paradas da ruta ou ben recollan aos alumnos nas dependencias das empresas, nas que permanecerán ao coidado dos acompañantes ou encargados das empresas ata a hora dó seu peche diario. Se chegada a hora de peche das instalacións da empresa transportista, as persoas sinaladas nesta Instrucción como responsables non se presentaran a recollelos, os encargados das empresas os levarán ás dependencias da Policía Municipal ou cuartel da Garda Civil que corresponda, onde se seguirán as actuacións que procedan, incluída a posibilidade de informar ao Servizo Provincial de Menores correspondente por se puidera darse un delito de abandono de menores.

Excepcionalmente, os escolares que no camiño dende o seu domicilio ata a parada asignada de autobús escolar e viceversa discorran por un itinerario dos sinalados nos programas e actividades de “camiño escolar seguro” ou “colecamiños”, promovidas pola Administración Xeneral do Estado ou as Administracións Locais Galegas, poderán facelo sós nas condicións previstas en ditos programas, sempre que medie unha autorización expresa das persoas identificadas nesta Instrucción como os seus responsables, na que eximirán expresamente á Administración de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares. Ditas autorizacións se entregarán nos centros de ensino, os cales as farán chegar ás empresas de transporte para o seu coñecemento.

## **2ª.-RECOMENDACIÓNS APLICABLES AO ALUMNADO DE 5º E 6º DE ENSINANZA PRIMARIA, ENSINANZA SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL E BACHARELATO**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Télef.: 981 544 400  
Fax: 981 545 443  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

**2º.1.-Recollida ao rematar as clases lectivas, actividades extraescolares e excursións ou visitas culturais.**

Os escolares poderán saír no horario previsto sós do colexio, sempre que os seus pais, nais, titores legais, accoledores familiares e proxenitores separados ou divorciados con garda e custodia ao seu favor, presenten ante a dirección do centro unha autorización expressa ao respecto, eximindo á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares.

Igualmente, os alumnos poderán ser recollidos no colexio no horario fixado polo Regulamento do centro ou polas puntuais comunicacións cursadas con ocasión de eventos, de así manifestalo as persoas determinadas nesta Instrucción como responsables dos escolares, os cales serán recollidos por eles mesmos ou polos seus proxenitores separados ou divorciados que teñan dereito de visitas en días lectivos ou polos adultos e irmáns e irmás maiores autorizados ao efecto polos responsables dos rapaces. Nestes casos, os escolares permanecerán custodiados no colexio, mentres non se produza a súa recollida efectiva, o tempo prudencial que se considere en cada caso a partir do horario de saída fixado. A estes efectos, as citadas persoas encargadas da recollida terán a obriga de reportar ao centro escolar calquera demora que vaian a sufrir. Transcorrido o tempo de demora comunicado sen que apareceran, efectuaranse dende o colexio chamadas aos responsables dos alumnos, que, de resultaren infrutuosas, poderán determinar a conducción dos escolares ás dependencias da Policía Local ou cuartel da Garda Civil que corresponda. A reiteración desta última circunstancia en mais de 4 veces poderá dar lugar, tralo oportuno análise das circunstancias familiares concorrentes, á revisión do medio de saída do centro escollido para os alumnos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Télef.: 981 544 400  
Fax: 981 545 443  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

g<sub>alicia</sub>

En todo caso, os escolares non poderán ausentarse do centro de ensino antes da hora prevista para as distintas saídas, agás que os pais, nais, titores legais, acolledores ou proxenitores separados que exerzan a garda e custodia así o permitan e autoricen de xeito motivado, precisando as condicións da súa marcha sós ou da recollida por eles mesmos ou polo adulto ou irmán ou irmá maior autorizados.

#### **2º.2.- Recollida nas paradas de transporte escolar.**

Os escolares poderán baixar sós nas paradas de transporte escolar establecidas, sempre que as persoas determinadas nesta Instrucción como responsables seus presenten no centro unha autorización expresa ao respecto, que eximirá á Consellería de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares. Ditas autorizacións faranse chegar ás empresas de transporte para o seu coñecemento.

Os alumnos transportados poderán, cando así o manifesten as persoas responsables deles, ser recollidos nas paradas establecidas nos distintos itinerarios de transporte escolar polos seus pais, nais, titores legais, acolledores familiares, proxenitores separados ou divorciados que teñan a súa garda ou custodia ou derecho de visitas en días lectivos ou por aqueles adultos ou irmáns e irmás maiores que ditos responsables dos escolares transportados autoricen, subministrando ao colexio os seus datos persoais, que logo serán achegados á empresa transportista. Nestes supostos, o centro educativo dará aos acompañantes escolares ou, no caso de non habelos, aos interlocutores habituais das empresas de transporte os teléfonos dos responsables dos alumnos, que obran no seu poder,

A fin de non entorpecer e alongar os itinerarios, os autobuses esperarán nas paradas o tempo necesario para asegurar a recollida dos escolares, que, en



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Télef.: 981 544 400  
Fax: 981 545 443  
[www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

galicia

todo caso, non excederá de 5 minutos, tras do cal continuarán co seu itinerario habitual, levando consigo aos escolares non recollidos.

Nos supostos de escolares non recollidos polas persoas encargadas nas paradas correspondentes, os acompañantes escolares ou encargados das empresas chamarán aos teléfonos facilitados polas familias dos nenos para que acudan ás seguintes paradas da ruta ou ben recollan aos alumnos nas dependencias das empresas, nas que permanecerán ao coidado dos acompañantes ou encargados das empresas ata a hora dó seu peche diario. Se chegada a hora de peche das instalacións da empresa transportista, as persoas sinaladas nesta Instrucción como responsables dos nenos non se presentaran a recollelos, os encargados das empresas os levarán ás dependencias da Policía Municipal ou cuartel da Garda Civil que corresponda. A reiteración en mais de 4 veces deste suposto poderá dar lugar, tralo oportuno análise das circunstancias familiares concorrentes, á revisión do medio de recollida nas paradas escollido para os escolares transportados.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2017

O secretario xeral técnico



O Director Xeral de Centros e  
Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez



